

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Proceso estabilización - Persoal laboral fixo - AEDL

EXPEDIENTE: 2024/E005/000180

Considerando a Resolución da Alcaldía nº 1561/2022, de 29 de novembro, que aprobou as Bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso de estabilización dunha praza de axente de Emprego e Desenvolvemento Local, laboral fixo, ao abeiro do disposto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Vista a proposta do tribunal cualificador do devandito proceso selectivo, na súa sesión de 18 de decembro de 2024, de contratación do aspirante Diego Viña Feás.

Vista a Resolución da Alcaldía nº 1726/2024, de 26 de decembro de 2024, que lle requiriu ao aspirante proposto a presentación da documentación esixida nas Bases que rexen a convocatoria.

Vista a documentación presentada por Diego Viña Feás o día 27 de decembro de 2024, con Rexistro de Entrada nº 6055.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Contratar como persoal laboral fixo a Diego Viña Feás, con DNI nº ***0741**, para prover unha (1) praza de axente de Emprego e Desenvolvemento Local, grupo A, subgrupo A1, con data de efectos do día seguinte ao da notificación da presente Resolución.

Segundo.- Notificar a presente resolución ao interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos e dar traslado ao concelleiro de Desenvolvemento Industrial e Economía Local así como como aos Departamentos de Intervención e Recursos Humanos

Terceiro.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal: <https://www.teo.gal>, no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Cuarto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria accidental, que dou fe
María Elena Sueiro Fernández